

DECRETO

EXPEDIENTE: 2023/URBANIS/000959

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE IMPLANTACIÓN DE TELEFONÍA MÓBIL DO CONCELLO DE OLEIROS

Con data 13 de maio de 2024, a coordinadora de servizos urbanísticos emitiu informe do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“Con NRE 2022012228, de 29 de xuño, presentouse solicitude por parte de Telefónica Móviles España S.A. para a aprobación por parte do Concello de Oleiros dun documento denominado “Borrador para a ampliación do texto refundido do Plan de implantación de telefonía móbil no Concello de Oleiros”. Xustifícase na necesidade de mellorar o servizo no termo municipal, con especial atención a núcleos urbanos e rurais, así como a dotación de cobertura daquelas zonas e enclaves de expansión. O documento conta cos equipos e antenas necesarios para desenvolver a rede cun servizo de calidade adecuado, así como con novos equipos que se poderían instalar para mellorar o devandito servizo e a previsión de novos emplacementsos que se considera necesario implantar para mellorar o servizo ofertado aos habitantes deste Concello.

Con data 28 de febreiro de 2024, recíbese por correo electrónico informe técnico emitido por Indesnor S.L. (B-27.312.297) en relación ao documento presentado. Constan no devandito informe unha serie de solicitudes de corrección que han de ser asumidas por Telefónica Móviles España S.A. (apartado 4 do informe e apartado 5 de recomendacións e correccións).

A tramitación deste tipo de plans non aparece descrita na normativa vixente, polo que procedería realizar un procedemento administrativo cos seguintes ítems procedimentais:

- 1. Análise do documento proposto e petición de emenda de erros ou de novas precisións que se consideren necesarias. A versión inicial foi informada por Indesnor S.L. (B-27.312.297), empresa de enxeñería contratada polo Concello de Oleiros para o análise técnico do documento, quen propón a aprobación inicial cunha serie de propostas de corrección.*
- 2. Aprobación inicial pola alcaldía, en exercicio da competencia residual outorgada polo art. 21 LBRL. A aprobación inicial produciuse mediante Decreto 2024001026, 29 de febreiro. As correccións solicitadas nesta aprobación inicial foron emendadas por Telefónica Móviles España S.A., que presentou a nova redacción do plan con NRE 2024005408, de 15 de marzo.*
- 3. Trámite de información pública, con publicación no BOP da Coruña, por prazo de 15 días hábiles. Publicouse no BOP da Coruña núm. 48, de 7 de marzo de 2024, e foi remitido ás empresas de telefonía con maior implantación, a efectos do seu coñecemento e da presentación de alegacións se o consideran oportuno.*
- 4. Resolución de alegacións e, se procede, aprobación definitiva pola Alcaldía. Non se presentaron alegacións. A versión corrixida por Telefónica Móviles de España S.A. con NRE 2024005408, de 15 de marzo, foi analizada por Indesnor S.L. (B-27.312.297) en informe de data 28 de abril de 2024 (NRE 2024008895, de 30 de abril) e informada favorablemente para a súa aprobación definitiva. Non se presentaron alegacións no trámite de información pública.*

(...)”





En vista do anterior, en aplicación da competencia residual outorgada polo artigo 21 LRRL,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o documento presentado con NRE 2024005408, de 15 de marzo, por parte de Telefónica Móviles España S.A., denominado “*Plan de implantación de telefonía móbil no Concello de Oleiros*”, redactado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Dennys Rivero Márquez (C-16331) e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicacións 2404218-00, de 11 de marzo.

A aprobación deste novo documento suporá a perda de vixencia do documento existente con carácter previo para a regulación da materia, que a continuación se detalla, salvo no caso de referencias expresas no novo documento aprobado:

- Plan de telefonía móbil, Decreto da Alcaldía 2009004678, de 26 de outubro e texto refundido aprobado por Decreto da Alcaldía 2010004388, de 7 de outubro
- Modificación 1: incorporación da base “Oleiros Bastiagueiro, por Decreto da Alcaldía 2017005217, de 13 de febreiro
- Modificación 2: incorporación de estación base “Oleiros Santa Cruz”, por Decreto da Alcaldía 2017003013, de 27 de xullo
- Modificación 3: incorporación de estación base “Oleiros / CC Parque Oleiros”, por Decreto da Alcaldía 2017004661, de 20 de novembro

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo, así como o novo plan de telefonía móbil do Concello, na páxina web municipal, e publicar a devandita aprobación no BOP da Coruña, cunha ligazón que permita acceder ao documento.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás seguintes entidades:

- Telefónica Móviles de España S.A.
- Vodafone
- Orange
- MásMovil
- Indesnor S.L.

CUARTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe a interposición dos seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de





CONCELLO DE
OLEIROS

> URBANISMO

1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde do Concello de Oleiros, don Ángel García Seoane, e a Secretaria accidental, dona María Pilar Cela Álvarez, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

